



ASASINATO NO SAN ROQUE



Non estivera nunca en Melide polas festas do San Roque. Era o primeiro día de celebración, a noite estaba moi calorosa, non había nin unha nube no ceo e a luz da lúa facía que nos rincóns das casas só existise unha impenetrable escuridade. A rúa estaba abarrotada de xente que non aguantaba nin dentro dos pubs nin da discoteca debido a que o ambiente de sauna que había nestes, causado pola numerosa xente que se atopaba dentro e pola falta de aire acondicionado en todos deles, era insuportable para moitos. As festas dese ano foran organizadas polo concello con moito coidado e, segundo dicía a xente da vila, aspiraban a ser as mellores que xamais existiran; había organizados concertos, xantares e incluso excursións para tódalas idades. Todos eran conscientes da importancia que terían esas festas, ou polo menos iso parecía ao ver tanta xente, eu polo menos nunca vira unha multitude así nas festas dunha vila. Era algo increíble.

Chegara a Melide esa mesma tarde con dous amigos meus de Curtis. Os tres decidíramos durmir as menos horas posibles e pasar unhas festas inesquecibles.

Alá polas tres da noite

tio tan pequeno, de tantas persoas como había case non se escoitaba a música, só se oía barullo, tarareos e os asubíos da xente de Brocos; pero non me quedaba máis remedio que entrar, posto que aos meus amigos aquel ambiente parecía encantarlles e non me apetecía pasar a noite só, así que seguí o meu camiño cara o inferno.

A noite transcorría con normalidade, eu precisaba saír do local cada pouco tempo a tomar un pouco o aire ou a mexar posto que non me atrevía a entrar no baño por medo ao que podía atopar alí; parecíame un pecado non aproveitar a noite para dar unha volta e disfrutar do ambiente; pero esas saídas non eran moi longas, posto que non quería incomodar aos meus amigos.

Alá polas cinco da madrugada volví dun deses paseos e ao entrar no KM tiven que escoitar aos meus amigos, posto que estaban molestos porque querían cambiar un pouco de ambiente e non me atopaban para marchar; expliqueilles que me liara un pouco mentres estaba mexando e que o sentía moito, e pareceron quedar conformes coas miñas palabras de desculpa. Dispuxémonos a saír

aventureime, convencido polos meus amigos, a entrar no KM. As gafas empañáronse nada máis poñer un pé dentro do local, non comprei nada como podía haber tanta xente nun si-

do KM para ir á ZOE onde ía haber un espectáculo ás cinco e media, pero cando estabamos collendo as chaquetas escoitamos un balbordo na rúa incluso superior ao que había dentro do local; e de repente vimos como un rapaz abría camiño entre a xente de dentro e quedaba parado no medio da pista. Parecía ser máis ou menos da miña idade, estaba completamente cuberto de sangue e tiña os ollos en branco. A música do local parara de soar e só se escoitaban murmurios, algún berro histérico e os choros do rapaz. Quede moi asombrado ao velo entrar, non o esperaba. Tiña na cabeza un corte enorme do que non paraba de brotar sangue, tiña o corpo che de magaduras, un ollo completamente negro e inchado e a roupa chea de barro. De repente o rapaz deixou de lairse, abaneou un pouco, e caeu no chan; ao pasar isto, os berros histéricos e incluso algún desmaio empezaron a verse e escoitarse entre a xente do local, que non cría o que estaba a ver. Algúns de nós acercámonos ao rapaz para intentar taparlle a ferida da cabeza coa nosa roupa a ver se paraba de sangrar, outros colleron auga para limparlle as feridas, outros dábanlle aire ou intentaban mantelo esperto. Eu estaba espantado, tremíame todo o corpo, parecía que estaba nun pesadelo. O rapaz levantou a cabeza e fixou a súa mirada nos meus ollos, abriu a boca como para intentar dicir algo pero nese intento queimou todas as súas forzas e desmaiouse.

De alí a un anaco chegou a ambulancia e a policía, pero non puideron facer nada, no medio da xente o rapaz xa estaba morto; a escena era terrible, as luces do local iluminaban a súa cara e o seu corpo enriba



ASASINATO NO SAN ROQUE

dunha poza de sangue que cada vez era maior, posto que o líquido seguía saíndo do corpo sen vida, as luces brancas palpabrexantes creaban unha escena a cámara lenta, propia dunha película de terror, mentres outra vermella ía iluminando as caras chorosas, abraídas ou en shock das persoas que estaban alí; esa imaxe non se irá da miña cabeza na vida, quedou gravada fortemente no meu cerebro. A policía desaloxou o local onde só quedaron eles e os médicos co corpo do rapaz; tamén nos mandaron agardar fóra para responder a algunhas preguntas.

Despois de agardar na rúa uns minutos, saíron do local cinco policías con caderno e bolígrafo na man anotando toda a xente que estaba alí, pedindo os D.N.I e facendo preguntas sobre como ocorrera todo; a min non me apetecía nada falar coa policía, quería marchar e tirarme na cama a durmir un bo anaco; pero iso non era posible, así que quedei alí a contestar todo o que me preguntaron. Xusto cando me fixeron a última pregunta saíu do local o corpo envolto nunha saba e enriba dunha padiola escoltado por médicos e policías. Logo, acercóusenos un axente local e informounos que a festa rematara, como mínimo por esa noite e que volveramos ás nosas casas a descansar, tampouco esqueceréi o alivio que sentín ao dicirme que podía marchar para a cama.

Cando chegamos á parrillada «El Molino», que era onde nos aloxabamos, fomos cada un para o seu cuarto sen pronunciar nin unha palabra, neses momentos as ganas de falar non existían.

Á mañá seguinte baixei cedo a almorzar, posto que non durmira nada en toda a noite polo nervioso que estaba, e non facía nada quedándome no cuarto. Alí, grazas á televisión

que estaba acesa, ao xornal que collera para ler e á xente que estaba almorzando e falando do tema, informeime un pouco de quen era o rapaz, como estaban as investigacións, que ía pasar coas festas, e outras cousas relacionadas co tema.

O morto, como eu calculara, tiña máis ou menos a miña idade, dous anos menos para ser exactos, e, segundo comentaban os veciños, era un rapaz que nin se metía en líos, que non era moi coñecido na vila e que non existía ningunha razón aparente para que lle sucedera iso. Puiden ler no xornal que o concello tiña pensado

s u s -
pen-
der



as festas e axudar en todo o posible á policía que non tiña ningunha pista para averiguar quen fora o asasino, posto que non había ningunha testemuña e que capturar un asasino non é tan sinxelo como semella na televisión.

Ás doce da mañá os meus amigos xa baixaran dos seus

cuartos e xa tiñamos decidido que esa mesma tarde volveríamos a Curtis para intentar esquecer todo o antes posible.

Pasou unha semana xa dende que ocorreron os feitos; ningún se esqueceu daquela noite, aínda non avanzaron nada as investigacións, e a televisión aínda fala bastante do tema; Galiza está conmocionada e Melide xa non é a vila que era, a xente ten medo de andar pola rúa, ten medo de que volva pasar algo parecido.

Por suposto eu non son unha excepción e tampouco dou borrado da miña mente o pasado aquel día, cada vez que pecho os ollos vexo o rapaz ríndose de min por mexar na rúa, véxome chamándoo, dándolle un bo puñetazo no ollo e deixándoo medio atontado, collendo unha barra de ferro e estampándolla contra a cabeza; nunca esqueceréi o son desa barra contra a súa cabeza; véxome marchando do lugar e deixando o corpo na escuridade tirado no chan pensando que o golpe non fora para tanto e que de alí a un pouco espertaría só cunha dor de cabeza, nunca esqueceréi que aquel golpe fora demasiado forte e que lle partín o cranio, nunca esqueceréi que eu matei a ese rapaz...